



ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA PARA PRESTAR UN SERVIZO DE ASESORAMENTO E ORIENTACIÓN XURÍDICA EN MATERIA DE VIVENDA

En Santiago de Compostela, a 22 de Maio de 2023.

REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, Presidente da Xunta de Galicia, nomeado polo Real Decreto 373/2022, do 12 de maio, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 26 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e o seu Presidente e a resolución de avocación de data 16 de maio de 2023.

Doutra parte, Lourdes Carballo Fidalgo, en calidade de presidenta do Consello da Avogacía Galega (en adiante, CAG), segundo a elección realizada polo Pleno do Consello da Avogacía Galega o 22 de xullo de 2022.

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Co fin de garantir os dereitos constitucionais a unha vivenda digna e adecuada e de ofrecer aos cidadáns un asesoramento e orientación xurídica en materia de vivenda, que non estean comprendidas nas actuacións propias do servizo de asistencia xurídica gratuíta e quenda de oficio, o IGVS e o CAG, levan formalizando sendos convenios nese sentido dende o ano 2020 (4 de decembro de 2020, 9 de febreiro de 2022 e 1 de febreiro de 2023).

Na actualidade está vixente o Convenio de colaboración que o IGVS e o CAG subscribiron con data 1 de febreiro do 2023 para prestar un servizo de asesoramento e orientación xurídica en materia de vivenda, cuxo obxecto é regular a colaboración entre os citados organismos, co obxecto de regular os canles de información necesarios para procurar que persoas en situación de desamparo non perdan a súa vivenda habitual ou, no seu caso, poidan acollerse aos programas existentes en materia de acceso á vivenda, así como para posibilitar que as persoas físicas propietarias ou usufrutuarias de vivendas que sexan ocupadas ilegalmente saiban como actuar nestas situacións.

A consecución dos fins do convenio implica o desenvolvemento das seguintes actuacións por parte do CAG:



1



1ª. A atención ás consultas de persoas propietarias afectadas por unha intrusión non consentida nas súas vivendas, así como ás persoas en situación de desamparo en risco de perda da súa vivenda habitual. Non obstante, en ningún caso se consideran incluídas dentro do obxecto de este convenio as actuacións propias do servizo de asistencia xurídica gratuíta en quenda de oficio.

2ª. A realización dun informe sobre as consultas atendidas. Para estes efectos, o CAG remite trimestralmente ao IGVS un informe sobre as consultas atendidas, tanto en materia de perda de vivenda como de ocupación ilegal, con especificación, neste último caso, da localidade, rúa e número de vivendas ocupadas.

3ª. A realización dunha campaña de difusión en medios e redes sociais dos obxectivos do presente convenio.

SEGUNDO.- A futura lei polo dereito á vivenda, actualmente en tramitación, introduce cambios xurídicos relevantes en materia de vivenda. Así, tal e como manifesta o proxecto de lei na súa exposición de motivos, esta incorpora a través da súa disposición final quinta, importantes cambios na regulación do procedemento de desafiuzamento en situacións de vulnerabilidade, concreta parámetros de vulnerabilidade económica baseados en criterios de carácter obxectivo e, no caso de ocupacións de vivendas que se teñan que substanciar en vía penal, modifica a Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, para dar protección a determinados colectivos vulnerables.

TERCEIRO.- Que as partes, sendo conscientes das novidades normativas aplicables en materia de vivenda e das obrigas derivadas do seu cumprimento, con especial atención ao proxecto de Lei polo dereito á vivenda, aprobado polo Consello de Ministros o 1 de febreiro de 2022, polo Congreso o 27 de abril de 2023 e polo Senado o pasado 17 de maio, teñen interese en formalizar a presente addenda, co obxecto de incorporar na cláusula segunda do convenio suscrito unha obriga específica para o CAG, sen que supoña un aumento de financiamento: a elaboración dunha guía informativa referida aos trámites de carácter administrativo e xudicial no ámbito relacionado cos dereitos e obrigas das persoas propietarias ou usufrutuarias de vivendas ocupadas ilegalmente, á vista da regulación contida no proxecto de Lei estatal polo dereito á vivenda. Esta guía servirá de base para a información á cidadanía e será publicada na páxina web do CAG.

En virtude do anterior, as partes



ACORDAN

PRIMEIRO.-

Incorporar á cláusula segunda do Convenio "OBRIGAS DO CAG" un novo punto, 2.5, co seguinte texto:

"Así mesmo, o CAG deberá elaborar unha guía informativa referida aos trámites de carácter administrativo e xudicial no ámbito relacionado cos dereitos e obrigas das persoas propietarias ou usufrutuarias de vivendas ocupadas ilegalmente, á vista da regulación contida no proxecto de Lei estatal polo dereito á vivenda. Esta guía servirá de base para a información á cidadanía e será publicada na páxina web do CAG."

SEGUNDO.-

O prazo para a elaboración da guía será dun mes a contar dende a sinatura da addenda do convenio ou da aceptación polo IGVS.

TERCEIRO.-

O custe económico desta obriga será asumida polo CAG, sen repercusión económica no financiamento do convenio por parte do IGVS.

CUARTO.-

A incorporación desta addenda non altera a vixencia do convenio, a cal se seguirá rexendo polo disposto na súa cláusula sexta.

QUINTO.-

Resultarán de plena aplicación as demais estipulacións recollidas no Convenio de Colaboración, do que esta Addenda forma parte, en todo aquilo que non resulte modificado pola mesma.

En proba de conformidade, asínase a presente Addenda no lugar e data indicados.

POLA XUNTA DE GALICIA

POLO CONSELLO DA AVOGACÍA GALEGA

Alfonso Rueda Valenzuela

Lourdes Carballo Fidalgo